

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

Este ano correspóndenos celebrar eleccións ao Consello Escolar, e temos que elixir aos representantes do SECTOR DO ALUMNADO. Para o que debes ter en conta o seguinte:

1. Corresponde elixir a **4 alumnos/as**, o total de representantes do alumnado que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os alumnos/as matriculados no centro e incluídos no censo que está exposto no taboleiro de anuncios da entrada. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 19 de novembro.
3. Son elixibles os alumnos/as, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. As candidaturas poderán ser presentadas dende as 08:30 horas do venres 9 de novembro ata as 14:00 horas do luns 19 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos, o día 21 de novembro, ás 16:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 22 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do instituto estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao Director, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por unha das asociacións de alumnos/as existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
7. As votacións realizaranse neste IES o día 27 de novembro, de 2018 entre as 8:40 e as 11:20 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:30 horas.  
Horario de votacións:  
08:40 a 09:30 1º e 2º ESO  
09:30 a 10:20 3º e 4º ESO  
10:30 a 11:20 BACHARELATO e PF
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un **máximo 3 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Neda, 8 de novembro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Félix Massó Salgueiro